



Concello de Vimianzo

C

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 29/09/2012

O

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vintanove de setembro de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

P

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D. Anselmo Ramos Martínez
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D. Pablo López Vázquez
D^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D^a María Carmen Hermida Tomé

I

A

Ausentes:

D.^a María José Ramos Rey
D.^a Montserrat Vázquez Miñones
D. Manuel Soto Pérez
D. José Manuel Perez Trillo

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García

Interventora: D.^a Gema Leal Insua

Ú

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

B

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións extraordinaria do 16 de xullo, ordinaria do 28 de xullo e extraordinaria do 4 de setembro de 2012.

L

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

I

O Sr. Miñones Riveiro pide que se voten por separado as actas, xa que el non estivo en dúas sesións.

O Sr. Alcalde sinala que non van votar as actas porque estas non se votan.

A Secretaria indica que se fará constar a aclaración do Sr. Miñones Riveiro.

C

A Sra. Rodríguez Ordoñez di que o seu grupo non pudo revisar as actas, posto que as recibiron o mércores ao saír do pleno as once da noite. Di que as mirou moi superficialmente e non viu nada, pero realmente non tiveron tempo de miralas ben.

A

O Sr. Alcalde aclara que as recibiron co tempo legalmente establecido, coma o resto das convocatorias. Sinala que a acta é un documento que elabora a Secretaría.

O Sr. López Vázquez di que ía plantexar en rogos e preguntas ese tema: se as actas se puidesen mandar un pouco antes.

O Sr. Alcalde di que se estudiará a petición.

C

O 2. Asuntos de urxencia.

O Sr. Alcalde aclara que vai plantexar dous asuntos: a toma de posesión da persoa que vai substituír á concelleira dimitida do PP. Pregunta se a persoa está presente na sala.

P O interesado asente.

O Sr. Alcalde continúa explicando que informou ao Sr. Amado Sambade que se estaba presente tomaría posesión. Por outra parte, explica que o segundo asunto urxente é complementar as prestacións económicas do persoal do concello en situación de incapacidade laboral temporal.

I En cumprimento do disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, sométese a votación a urxencia para a inclusión destes dous asuntos na orde do día da sesión ordinaria, para o que se require a maioría absoluta do número legal de membros (arts. 83 do ROF e 47.2 da LBRL).

A Sometida a votación a urxencia, o Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes (nove), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, ratifica a inclusión destes dous puntos na orde do día.

2.1. Toma de posesión de D. Juan Carlos Amado Sambade como concelleiro do Partido Popular

P O Pleno do Concello tomou coñecemento do escrito de renuncia (registro de entrada nº 5438, do 26/07/2012) da concelleira do PP D.^a Carmen F. Borbujo Martínez na sesión extraordinaria celebrada o 4 de setembro de 2012, a solicitude dos concelleiros D. Pablo López Vázquez, D. José Manuel Pérez Trillo, D. José Manuel Rodríguez Blanco e D.^a Montserrat Vázquez Miñones.

Ú O 27/09/2012 (registro de entrada nº 7130) a Xunta Electoral Central remitiu a credencial de D. Juan Carlos Amado Sambade. A Secretaría municipal fíxolle entrega da mesma o 27/09/2012, quedando constancia no expediente mediante dilixencia de entrega extendida ao efecto.

B O 27/09/2012 (registro de saída nº 4103) a Secretaría municipal informa ao Sr. Amado Sambade das obrigas impostas polo artigo 75.7 da LBRL e dalle traslado dos modelos de declaración aprobados polo Pleno o 25 de abril de 2011.

L O 28/09/2012 D. Juan Carlos Amado Sambade formulou declaración de causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos e declaración de bens patrimoniais.

I Para a toma de posesión utilízase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79, do 5 de abril. O Sr. Alcalde procede a lectura da mesma:

C “¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ó rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?”

A D. JUAN CARLOS AMADO SAMBADE: “si, xuro.”

O Sr. Alcalde dalle a benvida á Corporación.

O Sr. López Vázquez pide ler unhas palabras moi breves de agradecemento.

O Sr. Alcalde considera que non procede, pero accede, entre risas, para evitar que lle chamen dictador.



Concello de Vimianzo

O Sr. López Vázquez louba a persoa do novo concelleiro, considerándoo perfectamente lexitimado para exercer o cargo, posto que é un político ao que coñecen os veciños, non coma outros postos a dedo. Móstralle o seu agradecemento polo traballo realizado.

2.2. Complemento das prestacións económicas do persoal do concello en situación de incapacidade laboral temporal

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía, de data 28/09/2012:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: complemento das prestacións económicas do persoal do Concello de Vimianzo en situación de incapacidade laboral temporal

Tendo en conta o disposto no Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, cuxo artigo 9 regula a prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas, organismos e entidades dependentes e órganos constitucionais.

Visto o disposto na Disposición Adicional decimoitava, referido ao recoñecemento dos complementos ao persoal funcionario e laboral da Administración Xeral do Estado e organismos e entidades delas dependentes.

Visto que a Disposición Transitoria decimoquinta establece: "Las previsiones contenidas en el artículo 10 relativas a las prestaciones económicas en la situación de incapacidad temporal del persoal al servizo de las Administraciones Públicas acogido al Régimen General de la Seguridad Social serán desenvolvidas por cada Administración Pública en el prazo de tres meses desde la publicación de este Real Decreto-ley, prazo a partir del cual surtirá efectos en todo caso." Polo tanto, o prazo remata o 14 de outubro de 2012.

Vista a acta da mesa de negociación reunida o 26/09/2012.

Considerando que o artigo 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais permite que o alcalde, por razóns de urxencia debidamente motivada, poda incluír na orde do día da sesión plenaria asuntos que non foran previamente ditaminados pola respectiva Comisión Informativa, previa ratificación polo pleno por maioría absoluta, de conformidade co disposto nos artigos 83 do ROF e 47.3 da LBRL.

En virtude das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local, propoño ao Pleno, previa inclusión do punto na orde do día do pleno ordinario do 29 de setembro de 2012, a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer os complementos retributivos correspondentes ás situacións de incapacidade temporal para o persoal ao servizo do Concello de Vimianzo, conforme ao acordado na Mesa de Negociación celebrada o 26/09/2012:

1. Que se paguen as baixas por enfermidade común o máximo que admite dito Real Decreto, ou sexa: o 50% do primeiro ao terceiro día; o 75% do cuarto ao vixésimo; e o 100% do vixésimo ao nonaxésimo.

C

2. Que, tendo en conta que no RD se contempla a posibilidade de facer excepcións, e pagar o 100% en determinadas situacións, acórdase que o salario completo sexa aboado nos seguintes casos de baixa por enfermidade común:

O

A) Se hai hospitalización.

B) Se hai intervención cirúrxica e recuperación postoperatoria.

P

C) Se hai lesións graves ou enfermidades graves incapacitantes do sistema musculoesquelético.

D) Se hai algunha das enfermidades graves recollidas no anexo do RD 1148/2011.

E) Se a baixa se produce por causa da situación de embarazo ou por risco durante a lactancia natural.

I

F) IT por enfermidade relacionada con discapacidade recoñecida do 33% ou superior.

G) IT por causas relacionadas con enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversibles e /ou incurables.

A

H) IT relacionada con procesos oncolóxicos.

I) IT por enfermidades contaxiosas que poidan provocar a súa extensión no ámbito do traballo, con prescripción facultativa de aillamento.

J) Maternidade e paternidade."

O Tenente Alcalde, Sr. Mancebo Amigo, explica os termos do acordo: sinala que, como fixo a Xunta, estase complementando as prestacións por incapacidade laboral temporal por enfermidade común ata o nonaxésimo día, a partires de aí sería o 75%. E por outra banda contémpanse determinadas excepcións nos que se abona o 100%.

P

O Sr. Miñones pregunta se afecta a tódolos traballadores.

O Sr. Mancebo di que si.

O Sr. Miñones Riveiro di que, sendo así, están dacordo.

A Sra. Rodríguez Ordóñez e o Sr. López Vázquez tamén están dacordo.

Ú

O Sr. Alcalde entende aprobado por asentimento dos membros presentes (nove votos) o acordo.

3. Comunicados oficiais.

B

Non hai asuntos neste punto.

4. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

L

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 28 de xullo de 2012, dende a resolución núm. 555, do 24/07/2012 ata a resolución núm. 834, do 25/09/2012. O listado únese a esta acta como anexo I.

I

C

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria.

O Pleno da Corporación dase por informado.

A

5. Mocións.

En cumprimento do disposto no artigo 91. 4 do ROF, o Sr. Alcalde pregunta se os grupos políticos teñen algunha moción. Comeza polo grupo socialista.



Concello de Vimianzo

C

5.1. Moción do gupo municipal socialista sobre a periodicidade dos plenos ordinarios

O

O Sr. Rodríguez Blanco di que teñen unha: lembra que no último pleno extraordinario celebrado a petición dos concelleiros pediron que un dos puntos a tratar fora a periodicidade dos plenos. Sinala que a súa proposta é que as sesións ordinarias sexan unha vez ao mes, en concreto os sábados ás 11 da mañá.

P

O Sr. Alcalde considera que estas cousas non deberían plantexarse pola vía de urxencia, entre outras cousas porque debería pronunciarse a Intervención sobre a dispoñibilidade orzamentaria necesaria para afrontar un maior gasto por asistencias.

I

O Sr. Rodríguez Blanco di que iso non é problema, e anuncia que o PSdeG-PSOE renuncia a cobrar as asistencias.

A

O Sr. Alcalde di que os outros concelleiros teñen dereito a cobrar, os socialistas que falen por eles. Considera que non é un tema a tratar neste pleno, no que faltan catro concelleiros, un por cada grupo.

Discute co Sr. Rodríguez Blanco.

O Sr. Alcalde pide que a urxencia se xustifique: considera que o feito de que o goberno estea en minoría non é dabondo para facer os plenos mensuais.

O Sr. Rodríguez Blanco di que se trata de controlar ao goberno, posto que o alcalde faino todo por decreto e tardan dous meses en enterarse. Se hai que reducir, considera que poden reducirse gastos da Alcaldía tales como a secretaria do alcalde ou a asesoría xurídica. Sinala que esta fin de semana estase celebrando o congreso dos castros e non saben nin canto custa.

~~B~~

A Sra. Rodríguez Ordóñez está dacordo, e sinala que últimamente estanse celebrando plenos extraordinarios moitas veces sen motivo, coma o do mércores, dos que seis puntos deberon tratarse no pleno ordinario e non no extraordinario. Apoia totalmente a moción socialista.

Ú

O Sr. López Vázquez sinala que a función da Corporación é ter a periodicidade dos plenos cando queiran os concelleiros. Respecto ás retribucións, sinala que se non se pode cobrar pois non se cobra.

B

O Sr. Mancebo Amigo considera que o Sr. Rodríguez Blanco non é quen para dar clases no tema dos gastos, porque formou parte dun goberno con catro dedicacións, mentras que agora só a ten o alcalde. Afirmo que a día de hoxe a oposición accede aos expedientes sen problema, cando antes á oposición se lle negaba todo. Considera que non se lle pode negar a este goberno a colaboración, como quedou posto de manifesto no pleno do mércores. Sinala que convocar un pleno non é tanto a contía económica por asistencias se non o traballo administrativo que supón para os departamentos municipais. Considera que un maior control ao goberno non é un motivo para facer plenos mensuais, para iso hai mecanismos como a consulta do libro de decretos. Respecto das xornadas castrexas, sinala que hai máis de seis meses que están anunciadas e van traer ingresos para Vimianzo. Respecto da solicitude do pleno anterior, remítese ao informe da Secretaria.

L

I

O Sr. Alcalde considera que neste debate ninguén motivou a urxencia. Pídelle ao concelleiro socialista que presente a moción por escrito e levarase ao vindeiro pleno ordinario.

C

O Sr. Rodríguez Blanco di que quere votar a moción, que para iso a fixo.

A

O Sr. Alcalde lembra que o concelleiro socialista era contrario a celebrar plenos mensuais cando formou parte do goberno co BNG. Reitera que motive a urxencia e repite o dito polo Sr. Mancebo Amigo: nunca houbo tanto acceso á información coma agora. Di que a concelleira de IxV pediu ver facturas e viunas, e outras veces nin sequera ven velas. Non entende que queiran facer plenos cada mes e hoxe a Sra. Rodríguez Ordóñez dixo que non pudo ler as actas. Fala da relevancia do congreso castrexo que se está celebrando esta fin de semana, e esperaba que o felicitaran pola iniciativa e que viñera á inauguración, como veu o Sr. López Vázquez. Di que vai sendo hora de botar o veneno fora e ser persóas.

O Sr. Rodríguez Blanco pide outro turno.

O Sr. Alcalde accede.

C

O concelleiro socialista di que simplemente preguntou polo custe do congreso, non o criticou. Critica a secretaria do alcalde.

O

A Sra. Rodríguez Ordóñez reitera que o pleno extraordinario do mércores 26 de setembro levaba seis puntos que deberon tratarse nunha sesión ordinaria, e sen embargo calaron e foron ao pleno. Critica o acceso ás facturas que ofrece o Sr. Alcalde, pois considera que velas de 11 a 12 é

P

imposible para calquera. Afirmar que IxV non se dedica a ensinar facturas de provedores, como si fixo o BNG.

O Sr. Alcalde di que si o fixeron.

I

O Sr. López Vázquez reitera que a Corporación é quen debe decidir a periodicidade dos plenos, e o Sr. Antelo cando estaba na oposición pedía plenos mensuais.

A

O Sr. Alcalde quere aclarar dúas cuestións. Primeira: que IxV ensinou facturas obtidas ilegalmente cun móvil. Segunda: que non se pode pedir ver mil facturas e pretender velas cando lle dea a gana e colapsar os servizos municipais. Di que hai que ter moita cara para dicir o do pleno extraordinario, pois na comisión plantexouse adiantar o pleno ordinario para o 26, data na que debía celebrarse o sorteo das mesas electorais, e IxV dixo que non. Anuncia que vai proceder á votación da urxencia, por se a oposición lle presenta unha segunda denuncia ao alcalde e á secretaria.

Sometida a votación a urxencia da moción, obténse o seguinte resultado: seis votos a favor (PSdeG-PSOE, IxV e PP); tres votos en contra (BNG) e ningunha abstención. Non se acada a maioría esixida polos artigos 91.4 do ROF, en relación cos artigos 83 do ROF e 47.2 da LBRL.

O Sr. Alcalde pregunta á Secretaria se é necesaria maioría cualificada para a urxencia.

P

A Secretaria asente.

O Sr. Alcalde pregunta cantos votos representan a maioría cualificada.

A Secretaria contesta que a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación son sete.

Ú

O Sr. Alcalde anuncia que non se ratifica a urxencia desta moción.

Acto seguido, o Sr. Alcalde pregunta se o resto dos grupos teñen algunha moción.

A concelleira de IxV di que si, pero que ten entendido que non se necesita...non a van presentar visto o acontecido coa moción dos socialistas.

B

O Sr. Alcalde pide que se aclare.

A Sra. Rodríguez Ordóñez pide que a Secretaria aclare a cuestión, xa que ela entende que en base ao artigo 46.2.e) da LBRL están amparados para presentar unha moción verbal urxente.

L

O Sr. Alcalde di que claro que poden presentala, pero non teñen maioría suficiente para aprobala.

Aclara que na sesión de hoxe o concelleiro do PP tomou posesión pola vontade do grupo de goberno, que ratificou a urxencia, senón non tería maioría absoluta e tería que agardar á seguinte sesión ordinaria.

I

A Secretaria manifesta que se require a maioría do artigo 83 do ROF, salvo erro pola súa parte.

O Sr. Alcalde volve a preguntar se IxV ten algunha moción.

A Sra. Rodríguez Ordóñez pide facer unha pausa e consultar o tema.

C

O Sr. Alcalde di que non hai pausa ningunha, entendendo entón que IxV non ten ningunha moción. Pregunta se o PP ten algunha moción.

O Sr. López Vázquez di que non.

A

6. Rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde pregunta se o PSdeG-PSOE ten algún rogo ou pregunta.

O Sr. Miñones Riveiro di que teñen dúas preguntas e un rogo. Respecto á pregunta, di que no anterior pleno ordinario preguntou polo centro de día e pregunta se se sabe algo.

A segunda pregunta é relativa ao obradoiro de emprego que solicitou o concello de Vimianzo conxuntamente con Camariñas e Zas. Pregunta en que consiste, a canta xente dará traballo, etc.



Concello de Vimianzo

C O rogo é respecto da petición de citas no centro de saúde, que por mor dos recortes do PP ten un sistema que fai agardar moito á xente, uns seis ou sete minutos para cita para receitas. Pide que se volva ao sistema de antes.

O O Sr. Alcalde contesta, respecto da primeira pregunta, que si hai contactos coa empresa que xestiona o xeriátrico, pero a cousa está parada polas eleccións autonómicas. Espera darlle máis información no pleno ordinario de novembro.

P Respecto do obradoiro, explica que se pediu con outros dous concellos para ter posibilidades de obtelo. As ramas que terían en Vimianzo serían a atención ao medioambiente e as novas tecnoloxías. Non ten inconveniente en mostrarlle a memoria cando queira.

I Di que atenderá o rogo.

A A Sra. Rodríguez Ordóñez di que ten un rogo e algunhas preguntas. Roga que unhas porterías de Vilar de Cereixo que se quitaron, non sabe se para algunha actividade, volvan a poñerse.

A Respecto das preguntas, a Sra. Rodríguez Ordóñez indica que a primeira sería: que a Secretaria diga porque na sesión extraordinaria do 26 de setembro non atendiu as peticións dos membros da oposición, cando se lle pediu por tódolos portavoces proceder á votación para deixar sobre a mesa o punto do DTC, tal e como lles ampara o artigo 92 do ROF, e queren saber se iso vai constar na acta.

P A segunda pregunta era inicialmente unha moción, pero dado o criterio da Sra. Secretaria, co cal discrepa aínda que non está segura, vai formular unha pregunta en relación coas obras de ampliación do cemiterio de Castro, dado que tiveron peticións de varios veciños. Solicitan información sobre esa licenza e sobre se os organismos correspondentes que tiñan que aportar permisos están ao día. Piden ter acceso a ese expediente á maior brevidade posible. E se chegaran seis votos para a urxencia quere que vaia como moción.

O Sr. Alcalde pregunta se ten máis preguntas.

A concelleira de IxV di que non.

O Sr. Alcalde explica que as porterías son de propiedade municipal, ninguén as roubou, quitáronse por un torneo de fútbol sala e leváronse para Carantofña, pero vanse facer unhas porterías novas. Respecto da segunda pregunta, considera que lle ten que preguntar a el, non á Secretaria. Non vai permitir que a Secretaria lle conteste...

A concelleira de IxV insiste en que quere que conteste a Secretaria.

O Sr. Alcalde di que a Sra. Rodríguez Ordóñez, que está tan ben asesorada, sabe que lle ten que preguntar ao alcalde, e non vai permitir que pregunte ou trate de acosar a ningún funcionario.

A Sra. Rodríguez Ordóñez di que non é a súa intención.

O Sr. Alcalde di que teñen que actuar como políticos, e se non saben facelo, dando unha palabra nun pleno que non poden cumprir, agradécelles que se abstivesen no pleno do mércores posibilitando que se aprobasen as obras, e se non estaban dacordo coas obras do DTC o que tiñan que facer era votar en contra. Considera que aquí hai moito rencor e pouco interese xeral.

R Respecto da pregunta sobre as obras do cemiterio de Castro, o Sr. Alcalde explica que é unha obra promovida pola asociación de veciños, o constructor é Moncho Andrade e conta con tódalas autorizacións, incluída a licenza municipal que lle concedeu o actual goberno, a pesar de que o anterior alcalde tivo unha reunión cos veciños dicíndolle que a licenza estaba concedida e era mentira. Di que o expediente está concluído e xa lle dará resposta á súa petición. Non sabe se a concelleira de IxV ten algo contra os veciños de Castro. Explica que é unha obra moi importante que se fixo con todo rigor e xa lle gustaría que noutros casos os cemiterios unisen aos veciños en lugar de dividilos. Lembra que ese expediente iniciouno o anterior goberno, e este goberno rematouno, como non podía ser doutro xeito.

Pregunta o Sr. Alcalde se o grupo popular ten algún rogo ou pregunta.

O voceiro do PP di que si. Ten dous rogos: primeiro, que se quiten os carteis do "Plan E" que aínda están postos; segundo, que no vindeiro dossier informativo que se faga do concello de Vimianzo se inclúa a Faguía de Carnés, que é a única festa que temos declarada festa de interese turístico.

C

Pregunta o Sr. López Vázquez cal é o criterio que se segue para establecer os prezos polas actividades deportivas.

O

O Sr. Alcalde di que se estudiará o tema da retirada dos carteis. Respecto do segundo rogo, vaino atender nas vindeiras campañas. Respecto das actividades culturais e deportivas, teñen unha ordenanza e séguense eses criterios. Considera que determinadas actividades, coma a aprendizaxe de piano, requiren unha disciplina e queren que a xente o valore.

P



I

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as once horas e corenta e sete minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vintanove de setembro de dous mil doce.

A

O ALCALDE

A SECRETARIA,



Ú

B

L

I

C


A

Órgano de Gobierno

Data Dec. Número Descripción


24/07/2012	555	Servizos prestados por operarios municipais.	10 ALCALDIA
24/07/2012	556	Servizos prestados por operarios municipais.	10 ALCALDIA
24/07/2012	557	APROBACION DE GASTO.	10 ALCALDIA
24/07/2012	558	CONCESIÓN FERMISO DE FESTAS DE CEREIXO DIAS 25,26,27 E 28 DE XULLO 2012.	10 ALCALDIA
24/07/2012	559	Servizos prestados polos servizos municipais.	10 ALCALDIA
24/07/2012	560	Servizos prestados por operarios municipais.	10 ALCALDIA
24/07/2012	561	Alta no padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
24/07/2012	562	Modificación de datos persoais no padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
24/07/2012	563	Solicitude de subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a Concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa servizo de voluntariado xuvenil 2012..	10 ALCALDIA
24/07/2012	564	APROBACION DE GASTO.	10 ALCALDIA
26/07/2012	565	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística a D. Claudio Pereira Baña por obras en curso de execución sen licenza municipal en Tras do Ceán, parroquia de Carantofa.	10 ALCALDIA
26/07/2012	566	Expediente licenza de obra núm. 2012/006/000057 promovido por D.ª Celia Vidal Souto.	10 ALCALDIA
26/07/2012	567	Expediente licenza de obra núm. 2012/006/000058 promovido por D.ª Manuela Insua Leis.	10 ALCALDIA
26/07/2012	568	Informe en relación ó desenvolvemento da actividade de "artigos acabados-materias plásticas".	10 ALCALDIA
26/07/2012	569	Servizos prestados por operarios municipais.	10 ALCALDIA
26/07/2012	570	NOMINA MES XULLO-2012.	10 ALCALDIA
26/07/2012	571	BOLSAS DE ENSINO DO PERSOAL DO CONCELLO ANO 2012.	10 ALCALDIA
27/07/2012	572	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	10 ALCALDIA
27/07/2012	573	Concesión de praza na vivenda comunitaria municipal de Vimianzo.	10 ALCALDIA
27/07/2012	574	Concesión do servizo de comedor sobre rodas municipal.	10 ALCALDIA
27/07/2012	575	Toma de razón do expediente de licenza de obra núm. 2012/006/000035 promovido por D. Francisco Domínguez Mouzo	10 ALCALDIA

PERXO:



Data Dec. Número Descripción Órgano de Gobierno


27/07/2012	576	Solicitud de autorización de uso de local municipal, p resentada por Naranco, S.L..	10 ALCALDIA
27/07/2012	577	Proposta de adjudicación da obra Rede de saneamento en Tras do Ceán-Bamiro, financiada con cargo ao Fondo de C ompensación Ambiental 2012.	10 ALCALDIA
30/07/2012	578	Servizo municipal de escola infantil (baixa voluntaria)	10 ALCALDIA
30/07/2012	579	Servizo municipal de escola infantil (baixa voluntaria)	10 ALCALDIA
30/07/2012	580	AUTOLIQUIDACION DO CANON DE SANEAMENTO PRIMEIRO SEMESTR E 2012 A FAVOR DE AUGAS DE GALICIA.	10 ALCALDIA
30/07/2012	581	Servizo municipal de escola infantil (baixa voluntaria)	10 ALCALDIA
30/07/2012	582	Servizo municipal de escola infantil (baixa voluntaria)	10 ALCALDIA
30/07/2012	583	Alta no padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
30/07/2012	584	Solicitud de colaboración para a celebración de festex os en Carantofía..	10 ALCALDIA
30/07/2012	585	Admisión no servizo de escola infantil municipal no cur so 2011/2012.	10 ALCALDIA
30/07/2012	586	APROBACION DA FACTURA NUM. 06E129910000412803 DE BBVA R ENTING SA CORRESPONDENTE AO ARRENDAMENTO NA MODALIDADE DE RENTING DE EQUIPAMENTO DE TELEFONIA PARA VARIOS EDIF ICIOS DO CONCELLO DE VIMIANZO..	10 ALCALDIA
30/07/2012	587	Baixa no servizo municipal de comedor e lavandería sobr e rodas.	10 ALCALDIA
30/07/2012	588	Expediente licenza de obra núm. 2012/006/000050 promovi do por D.ª María Dolores Romero Ferrin.	10 ALCALDIA
30/07/2012	589	Cesión do campo da festa de Sanfíns para a celebración das festas.	10 ALCALDIA
30/07/2012	590	Solicitud de baixa no padrón da taxa pola recollida do lixo dunha vivenda promovida por D. José Carballo Rama	10 ALCALDIA
30/07/2012	591	Solicitud de baixa no padrón da taxa pola recollida do lixo dun local promovida por D. Alvaro Garcia Alvarell	10 ALCALDIA



Órgano de Gobierno

Data Dec. Número Descripción

Data Dec.	Número	Descripción	Órgano de Gobierno
30/07/2012	592	Proposta de adjudicación da obra Reposición de cubierta e consolidación de muros portantes na antiga escola de Padreiro (POS 2012).	10 ALCALDIA
30/07/2012	593	Proposta de adjudicación da obra Parques infantís en terreiros da escola unitaria de Treos e en Piñeiros. Depósito en Torelo (POS 2012).	10 ALCALDIA
30/07/2012	594	Proposta de adjudicación da obra Mellora de firme e refuerzo de pavimento en Cambeda, Moreira, Safins, Tines, Mouro e Cures (POS 2012).	10 ALCALDIA
30/07/2012	595	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E PROMOCIÓN DA IGUALDADE.	10 ALCALDIA
30/07/2012	596	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística á Asociación Neria por obras realizadas no Mosquetín, lugar de Señorán, parroquia de Salto, sen contar con licenza municipal.	10 ALCALDIA
31/07/2012	597	NOMEAMENTO SECRETARÍA ACCIDENTAL DURANTE AS VACACIÓNS DA FUNCIONARIA TITULAR.	10 ALCALDIA
31/07/2012	598	Paralización de obras e incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística a D. Abelardo Pereira Mouzo por obras en curso de execución sen axustarse á licenza municipal.	10 ALCALDIA
31/07/2012	599	Cambio de enderezo no padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
31/07/2012	600	Alta no padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
31/07/2012	601	Alta no padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
31/07/2012	602	Adjudicación da obra Rede de saneamento en Tras do Ceán -Bamiro a Construcciones Moncho Andrade, S.L..	10 ALCALDIA
31/07/2012	603	CONVOCATORIA DA COMISIÓN ESPECIAL DE MONTES PARA O 3 DE AGOSTO DE 2012, EN CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO DO 28 DE XULLO DE 2012.	10 ALCALDIA
31/07/2012	604	Solicitud de uso de local municipal, presentada por Galcofor, S.L..	10 ALCALDIA
